



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

## **Bando** *de lembranza das obrigas de posuidores e posuidoras de* **Animais domésticos**

**Miguel Anxo Fernández Lores, o voso Alcalde, para xeral coñecemento, fai saber:**

O Concello de Pontevedra por medio deste bando quere solicitar a colaboración dos veciños e veciñas no cumprimento das normas reguladoras da sanidade ambiental e do ornato público que se lembran neste Bando, que busca a protección e defensa dos animais que viven no contorno da cidade e en xeral en todo o termo municipal e que permita compatibilizar o goce destes animais coa convivencia veciñal e que permita acadar un municipio máis limpo e mellor coidado.

**A estes fins lémbrense as seguintes obrigas e prohibicións:**

1º.- Prohíbese o abandono, maltrato ou agresión física aos animais así como o seu sometemento a calquera outra práctica que lles supoña sufrimentos ou danos inxustificados. (Multa de 300 a 3.000 euros, artigos 21 e 24 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade de Galicia)

2º.- Obrígase a recoller inmediatamente os excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública. (Multa de ata 300 euros, artigos 20 a 24 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade).

3º.- Non se poderán utilizar as zonas de xogo infantil nin praias para que os animais realicen as súas necesidades fisiolóxicas. (Multa de ata 300 euros, artigos 49 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, e artigos 20 e 24 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade).

4º.- Os animais obrigatoriamente deberán estar correctamente censados e identificados co microchip nos tres primeiros meses de vida ou un mes despois da súa adquisición consonte co previsto na normativa vixente. (Multa de ata 300 euros, artigos 20 a 24 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade e Decreto 153/1998, do 2 de abril).

5º.- Prohíbese levar aos animais soltos agás nos lugares habilitados a tal fin. (Multa de ata 300 euros, artigos 20 a 24 da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade en relación co artigo 50 do Decreto 153/1998, do 2 de abril).

6º.- Prohíbese alimentar a calquera tipo de animais nos espazos públicos, sen retirar os restos de comida ou lixando estes espazos. (Multa de ata 602 euros, artigo 63.b da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

A Policía Local velará polo cumprimento do presente Bando, ben de oficio ou a instancia da veciñanza, denunciando aquelas persoas que incumpran o anteriormente disposto -con especial fincapé naquelas condutas que se repitan de xeito habitual ou reiterado-, o que dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador para impor as sancións que lles correspondan, segundo a normativa vixente aos que se acrediten responsables.

Pontevedra, 18 de febreiro de 2013

O Alcalde  
**Miguel Anxo Fernández Lores**